

PROGRAMA RE-IMAXINA LIÑA PEME XOVE

OBXECTIVO

Créditos para financiar investimentos en proxectos emprendedores galegos.

BENEFICIARIOS

Pemes que exerzan ou teñan intención de exercer a súa actividade económica en Galicia, sexa en forma de persoa física ou calquera forma de persoa xurídica de obxecto empresarial e que, ademais, non veñan desenvolvendo a mesma actividade para a que solicita o financiamento nun prazo superior a dous anos a contar dende a data de presentación no Igape, directamente ou mediante a súa participación no capital doutra sociedade que desenvólvese a mesma actividade.

Tamén poderán acceder as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Aos efectos de acreditar a data de inicio de actividades poderá considerarse a alta no Imposto de Actividades Económicas ou Declaración Censual.

SECTORES INCENTIVABLES

Todas as actividades económicas, agás:

- a) As actividades relacionadas coa exportación, a creación de redes de distribución e investimentos vinculados a actividade de exportación.
- b) As actividades do sector do carbón.

REQUISITOS

Importe do préstamo: mínimo 25.000 euros e máximo 120.000 €. O risco vivo de cada empresa por operacións financeiras formalizadas ao abeiro de cada unha destas liñas non poderá superar os 120.000 euros.

Importe subvencionable: ata o 90% dos investimentos financiáveis.

O prazo de reembolso será entre 5 e 7 anos, incluído ata 1 ano de carencia.

A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario. As amortizacións anticipadas parciais poderán aplicarse a reducir, en igual contía, as cotas de amortización restantes.

Comisións. As entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas non lles repercutirán aos prestameiros e avalados ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.

Os prestameiros deberán realizar, se é o caso, a achega para adherirse á sociedade de garantía recíproca que corresponda.

Garantías da operación. As operacións formalizadas ao abeiro destas bases contarán co aval dunha sociedade de garantía recíproca polo 80% do importe do financiamento.

GASTOS COMPUTABLES

a) Inmobilizado material:

- Adquisición de terreos e edificacións.
- Reforma e axeitamento de locais.

- Bens de equipo e unidades funcionais de explotación independente.
- Elementos de transporte, exclusivamente vehículos industriais, agás vehículos de transporte de mercadorías por estrada por parte de empresas que realicen esta actividade por conta allea.
- Honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.
- Outros investimentos en activos fixos materiais.

b) Inmobilizado inmaterial novo adquirido a terceiros: aplicacións informáticas, propiedade industrial, propiedade intelectual, canons de entrada de concesións administrativas ou de franquías, e investimentos de acondicionamento realizados nun local arrendado e que queden definitivamente incorporados a aquel.

c) Os aprovisionamentos e gastos necesarios para a posta en marcha do proxecto, incluíndo gastos de establecemento, cun máximo do 20% do importe financiable.

Non poderán financiarse os impostos indirectos recuperables que graven a adquisición, nin as achegas a realizar ás sociedades de garantía recíproca.

Poderán financiarse tamén bens usados e os investimentos realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009. O proxecto investidor deberá consistir na adquisición de activos a terceiros.

Os beneficiarios deberán manter os investimentos obxecto de financiamento durante un prazo mínimo de cinco anos desde a súa adquisición.

CONTÍA DAS AXUDAS

O tipo de xuro nominal anual variará por semestres naturais e determinarase de acordo coas seguintes normas:

- a) Para o 2º semestre do ano 2010, o tipo de xuro nominal será do 2,482 %.
- b) Para cada un dos restantes semestres naturais, o tipo de xuro nominal anual dos préstamos será o Euribor a prazo de 6 meses máis o tipo adicional de 1,5 puntos.

PLAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de decembro de 2010.

INCOMPATIBILIDADES

Non poderán concorrer no financiamento dun mesmo proxecto préstamos das distintas liñas de financiamento contempladas nestas bases.

Serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

As subvencións financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de minimis

Non poderán ser beneficiarias das liñas de financiamento contempladas nestas bases as empresas en crise, de acordo coa definición das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (DO C 244 de 1/10/2004).